

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO



CEIP SAN ISIDRO
NEDA

INDICE

INTRODUCCIÓN	2
I. CONTEXTUALIZACIÓN	3
1.1. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO	3
1.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO	7
1.3. PRINCIPAIS NECESIDADES EDUCATIVAS	9
II. OBXECTIVOS EDUCATIVOS DO NOSO CENTRO	10
2.1. OBXECTIVOS INSTRUTIVOS	10
2.2. OBXECTIVOS FORMATIVOS (de ámbito humano e convivencial).....	10
2.3. OBXECTIVOS ORGANIZATIVOS	11
2.4. OBXECTIVOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.....	11
III. SINAIS DE IDENTIDADE	12
3.1. VALORES E COMPORTAMENTOS QUE PROMOVEMOS.....	12
3.2. MODELO DE CENTRO	14
3.3. LIÑA METODOLÓXICA	17
IV. OFERTA DE ACTIVIDADES E SERVICIOS	21
4.1. OFERTA DOCENTE	21
4.2. SERVIZO DE ORIENTACIÓN	22
4.3. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: TRANSPORTE	22
4.4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	23
4.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	24
4.6. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIONES DO CENTRO	24
V. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA	24
VI. O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO	28
VII. APROBACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	29

INTRODUCCIÓN

Este PEC nace a partir da revisión e actualización do anterior, e pretende ser a primeira referencia no resto das demais decisións educativas, actuando como guía de toda a planificación.

Partindo do coñecemento da realidade educativa contextual (entorno social-familiar, alumnado e persoal docente), das súas particularidades e características, o centro poderá axustar o proceso de ensino-aprendizaxe ás circunstancias de cadaquén.

Mediante o PEC, pretendemos establecer unha liña educativa que, partindo do que temos, defina o que necesitamos, en función do que desexamos.

Para a súa elaboración contouse coa creación dun grupo de traballo formado por todo o claustro e coa información facilitada por toda a comunidade educativa (familias, alumnos do 3º ciclo e mestres). Esta información vai ser un punto de partida que nos vai axudar a establecer as principais necesidades educativas e a definición de obxectivos.

O proxecto estruturase arredor de seis bloques:

- A contextualización do centro, na que nos aproximamos á realidade do mesmo e ás necesidades que percibimos e detectamos.
- Os obxectivos educativos do noso centro que pretendemos acadar para satisfacer as necesidades anteriores, mellorar o labor educativo e favorecer o cumprimento dos nosos sinais de identidade (estilo pedagóxico).
- Os sinais de identidade, eixo central do proxecto, onde plasmamos como queremos que sexa o noso centro, a liña metodolóxica que seguiremos e os valores educativos que propoñemos e promovemos.
- A oferta educativa, na que se fai unha referencia os principais recursos educativos e formativos no centro.
- A estrutura organizativa, que vai recoller a conformación dos distintos equipos e órganos de goberno e participación existentes no centro.
- O regulamento de réxime interno, que polo seu contido e gran utilidade vai formar parte dun documento aparte e anexo ó presente proxecto. Agardamos redactalo o vindeiro curso.

Como xa se reflectía ó principio, este proxecto vai ser o marco que guíe as actuacións que, curso a curso, deben formar parte das diferentes programacións anuais.

I. CONTEXTUALIZACIÓN

Antes de abordar a elaboración dun proxecto educativo real temos que considerar un punto partida que temos para chegar ó que queremos e desexamos.

Neste punto de partida consideraremos a situación contextual da comunidade educativa, que analizaremos a partir dunhas enquisas dirixidas ás familias, mestres e alumnado (tomando como mostra os do terceiro ciclo).

1.1. CARACTERÍSTICAS DO CONTORNO

Esta análise está baseada nunha enquisa respostada por 72 familias de 128, o que establece unha mostra do 56,2 % de familias, concluíndo como mais importantes os datos que de seguido van aparecer reflectidos.

O CEIP San Isidro sitúase no concello de Neda, recollendo alumnado case na súa totalidade dun entorno urbano ou semiurbano, no que a súa maioría procede de parellas matrimoniais (82 %).

O entorno corresponde a un medio semiurbano, e un nivel socio-económico medio e medio baixo. En xeral, case todos son da vila onde se atopa o centro, e poucos necesitan de transporte para acudir ás clases e ás actividades extraescolares.

Desde o punto de vista de pais e nais sinalaremos unha serie de datos importantes a ter en conta no día a día do proceso educativo.

- ✓ O grupo maioritario de idade dos pais/nais sitúase na banda 31-40 anos, os pais nun 61%, sendo o das nais un pouco mais elevado chegando ó 67%.
- ✓ O nivel de formación bacharelato-universidade é superior nas nais que nos pais (26% para elas e 18% para eles). A maioría acadaron estudos primarios e graduado escolar (67% entre os pais e 44% entre as nais).
- ✓ A familia tipo conta con dous fillos (54%), tendo un so fillo/a o 39% das mesmas. Compre sinalar que conviven cos avós o 17% das familias.
- ✓ A nacionalidade dos pais é case do 100% española.

- ✓ A situación laboral dos pais é de traballadores por conta allea na súa maioría (75%), sendo asalariados un 60%. En canto ás nais repártense maioritariamente por traballadoras na casa (31%) e traballadoras por conta allea (43%). Neste último caso o 31 % son asalariadas.
- ✓ O 64% ten unha vivenda en propiedade, vivindo un 20% na dun familiar. O tipo de vivenda habitual repártese de xeito moi parecido entre piso (55%) e casa (44%).
- ✓ En canto a equipamentos da vivenda o móbil e a televisión aparece no 100% das familias. O número destes por familia é 2 ou 3 televisións (54%) e de 3 móbiles (25%), o que indica na maioría dos casos que o fillo/a tamén o ten. É salientable tamén o feito de que un 39% dos alumnos/as teñen televisión na súa habitación. A presenza de ordenador nas vivendas é dun 63%, aínda que os conectados a internet son tan so o 26%.
- ✓ A lingua de uso habitual é o castelán variando segundo sexa a comunicación entre os pais ou entre pais e fillos. No primeiro caso o uso é do 65% sendo entre pais e fillos do 76%. Entre os fillos o uso do castelán acada o 86%. O uso do galego acada o seu maior índice entre os pais cun 20%.
- ✓ O 52% pertence á ANPA, sendo os índices de participación nouro tipo de asociacionismo moito mais baixos (25% ou menos).
- ✓ Na súa relación cos fillos o 93% acostuma a falar con eles habitualmente do acontecer do día.
- ✓ Practicamente o 100% considera que a súa relación cos titores e boa ou moi boa, recorrendo a eles nun 90% das situacións cando o seu fillo ten algún problema.
- ✓ A oferta de actividades extraescolares e considerada suficiente polo 72%, existindo un 12% que non asiste a ningunha.
- ✓ O 88% é favorable á xornada única de mañá. O 55% valora como bo o funcionamento do transporte escolar.
- ✓ As dificultades que mais perciben nos seus fillos son a falta de atención na aprendizaxe (37%) e a falta de gusto pola lectura (27%).

- ✓ O 72% das familias pretenden que os seus fillos disfruten do que teñen e o valoren adecuadamente, sendo un 50% os que desexan que sexan solidarios e boas persoas.
- ✓ En xeral a gran maioría está de acordo co funcionamento xeral do colexio, aínda que consideran que se podería mellorar o nivel de esixencia e o tratamento dos problemas de conducta.

A integración dos alumnos é, en xeral, boa e non se pode considerar entre eles ningún tipo de discriminación chamativa por algunha causa social.

O único feito chamativo a contemplar, referente ao alumnado, é a existencia de varias familias adicadas a rexentar e traballar con atraccións de festa ambulantes, o que xenera un grupo de nenos/as que presentan, nuns determinados momentos do curso, un índice de absentismo escolar bastante elevado, coas súas correspondentes consecuencias (nivel académico mais baixo, non promoción de ciclo, integración mais dificultosa....).

O centro escolariza alumnado desde infantil de 3 anos ata 6º curso de educación primaria acadando en torno a 155 alumnos/as. Non aparecen polo momento casos moi numerosos de inmigrantes (neste momento tan so dous alumnos).

Tendo en conta ó alumnado de 3º ciclo e en base a unha enquisa que se lles pasou na aula podemos destacar unha serie de datos:

- ✓ O 85% usa o castelán como lingua habitual na casa, e o 96% úsao cos seus compañeiros./as.
- ✓ O 81% considera moi boa a relación cos seus pais e nais e un 88% pensan que a súa familia se interesa polo traballo da escola.
- ✓ O 55% adica entre 1-2 horas ó traballo escolar na casa, facéndoo o 63% no seu cuarto e con axuda no 85% dos casos.
- ✓ O 37% asiste a clases particulares, o 88% consideran o estudio útil para o futuro e un 70% esperan estudar unha carreira. Un 44% consideran o estudio aburrido.
- ✓ O 92% consideran a súa relación co titor/a moi boa ou boa (52% e 42%) e un 55% teñen esa consideración co resto dos profesores/as (22% moi boa e 33% boa).

- ✓ O 88% manifesta que o pasa ben na escola e que ten moitos amigos/as, manifestándose favorables á xornada única de mañá o 96%.
- ✓ En canto ó uso do seu tempo libre, as preferencias son xogar (81%) e asistir a actividades deportivas (70%). Tan so un 25% escolle a lectura
- ✓ En canto á lectura, un 52% manifesta que é unha das súas afeccións, sendo as lecturas preferidas as de aventuras (82%) e de deportes (52%).
- ✓ En canto a aspectos a mellorar destacan a convivencia e a necesidade dunha instalación deportiva cuberta.

O persoal docente do colexio está formado por 17 persoas, das que 10 son mestras e 7 mestres. Como datos mais importantes a sinalar entre este persoal temos:

- ✓ Un 87 % están en situación definitiva, residindo esa mesma porcentaxe fora do concello de Neda, se ben a gran maioría faino en concellos limítrofes a non mais de 7 km. do colexio.
- ✓ O 73% levan mais de 10 anos no centro e o 85% ten mais de 15 anos de antigüidade no corpo. Un 13% son licenciados e o resto (87%) diplomados.
- ✓ A idade predominante é de maiores de 50 anos (56%), habendo nas franxas de 30-40 e 40-50 o mesmo porcentaxe (19%).
- ✓ O 53% atópase moi satisfeito co seu labor profesional, manifestándose bastante satisfeitos un 46%.
- ✓ Na valoración das relacións cos membros da comunidade educativa destaca que practicamente o 100% considera estas relacións boas. É destacable, pola súa incidencia no labor educativo o feito das boas relacións (100%) entre compañeiros.
- ✓ O 85% manifesta que coñece bastante a situación socioeconómica e familiar do alumnado ó que imparte clases, pero tamén manifesta nun 76% que a relación, colaboración e implicación das familias no entorno educativo e mínima.
- ✓ O 77% adapta a proposta docente ás necesidades educativas do seu alumnado.
- ✓ O 38% utiliza maioritariamente co alumnado o galego como lingua de comunicación, chegando ó 61% na comunicación cos compañeiros/as. De tódolos

xeitos o 100% considera moi ou bastante adecuado que a lingua galega sexa a que maioritariamente se empregue no ensino.

- ✓ En xeral, considérase que existe unha boa colaboración, participación e coordinación dos recursos humanos do centro.
- ✓ O 61% considera adecuado o proceso de actualización-renovación que segue así como que lle parece moi adecuado fomentar a participación desde o propio centro.
- ✓ O 77% manifesta que a xornada única en sesión de mañá facilita moito a mellora da calidade de ensino.
- ✓ En canto ás instalacións do centro, o 50% pensa que non teñen a calidade que deberían e propóñense como necesarias un ximnasio-patio cuberto, baños axeitados ou algunha nova aula específica (AL).

O persoal non docente do colexio fórmano dúas persoas, unha coidadora e o conserxe, cos cales hai unha relación moi próxima tanto a nivel persoal como profesional co persoal docente. Están completamente integrados no centro, colaborando xa non nos seus propios labores relacionados coas súas funcións, senón en moitas outras que redundan na mellora da calidade educativa do centro.

Son persoas cun labor moi valorado, existindo un respecto mutuo entre persoal docente e eles nas funcións que a cada un lle compete.

1.2. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O C.E.I.P. San Isidro está situado no centro urbano da vila de Neda e conta con 7 unidades de educación primaria e 3 de educación infantil. E xunto co CEIP Maciñeira o encargado de cubri-las necesidades educativas do concello de Neda a nivel de Educación infantil e primaria.

O colexio conta cun recinto valado ó seu redor cunha pequena zona de campo.

No presente curso escolar, cóntase con 155 alumnos repartidos nas 10 unidades que hai, o que da como resultado unha media de 15-16 alumnos/as por aula.

Consta de dous edificios anexos, un espacio exterior bastante reducido, onde se atopa unha pista polideportiva pavimentada e un pequeno patio cuberto. No curso 2006/07 está

prevista a construción dun ximnasio cuberto o cal vai cubrir unha importante carencia de espáceos cubertos para recreos, clases de Educación Física, actividades extraescolares, etc.

Hai unha única porta de entrada ao recinto, tanto para coches como para persoas, o cal supón un problema, sobre todo na hora de entrada. Aínda que a entrada de coches está regulada por unha normativa interna, resulta difícil de cumprir polo aceso ó recinto durante a xornada de persoas, transportes, etc. que impide, pola tipoloxía do portal que este estea permanentemente pechado. É un problema en trámite de resolución coa construción dun portal novo.

En canto ao edificio escolar, este consta das seguintes estruturas e dependencias:

- ✓ Edificio principal, con baixo e piso. No baixo sitúanse as aulas de Infantil, aula de PT e AL, un aula de primaria (que acolle a un neno minusválido), a sala de usos múltiples, un pequeno soto, adicado a almacén de material de limpeza, e aseos para alumnos, alumnas e de minusválidos, que dan servicio ós alumnos/as desta área como tamén ós do anexo. Ten dúas portas de acceso, a principal, para acceder tamén ó primeiro piso e unha traseira destinada para entrada e saída dos alumnos de Infantil. Disponse tamén dun elevador mecánico para o acceso de minusválidos ó piso.

No piso sitúanse as dependencias de dirección, secretaría e sala de profesores, aseos para mestres, 3 aulas de primaria, aula de música, aula de audiovisuais e reunións e aseos de alumnos e alumnas.

- ✓ Edificio anexo, cun pequeno patio cuberto na planta baixa, xunto co departamento de orientación, oficina de ANPA, taller de manuais e do conserxe, caldeira e pequenos almacéns de material de mantemento (cortacésped, ferramenta variada, etc.). No piso atópanse 3 aulas de primaria, un aula de reducidas dimensións de usos varios e a biblioteca, que tamén é aula de informática. Este edificio atópase comunicado co principal cunha porta, facilitando así o acceso a el de persoas con algunha minusvalía física.
- ✓ No exterior dispón dun pequeno parque para uso habitual dos nenos de Infantil, unha pista deportiva de cemento. O resto do entorno é verde, cun aparcamento de coches dos mestres así como un pequeno campo con porterías na zona traseira, utilizado tamén para xogar en tempo de recreo.

- ✓ Prevese a construción dun ximnasio cuberto na zona de campo á que se fai referencia no punto anterior, o cal vai cubrir unha importante carencia do centro para múltiples actividades (educación física, recreos, actividades festivas, extraescolares...).

E un centro con mais de 30 anos de antigüidade, o que fai que cada curso sexa necesario acometer algunha reforma ou obra, obrigado sobre todo polos deterioros do edificio (instalación de fontanería nova, teitos, humidades..), do mobiliario escolar ou pola necesidade de adaptalo ás novas demandas e necesidades educativas (eliminación de barreiras arquitectónicas....).

1.3. PRINCIPAIS NECESIDADES EDUCATIVAS

A partir da información obtida nas análises do contorno e do coñecemento da realidade do centro podemos ter uns indicadores básicos para determinar unha serie de necesidades educativas, en certo modo suxeridas e que o noso colexio debe contemplar para mellorar a súa función educativa.

- Plantexar un plan de fomento e coñecemento da lingua galega enfocándoo de xeito que se vexa reflectido co uso desta polo alumnado (os resultados da enquisa fainos ver que a lingua materna é o castelán).
- Mellora das instalacións do centro, tanto no propio edificio escolar como nos espazos exteriores.
- Participación do alumnado en actividades extraescolares relacionadas co centro, sobre todo deportivas e dirixidas ós mais pequenos.
- Establecer un protocolo de actuación no tratamento de problemas de conducta baseado nas accións titoriais (PAT) e de orientación.
- Mellorar os procesos de atención, esforzo e autonomía do alumnado.
- Ser o mais esixentes que poidamos cos alumnos.
- Incrementar o uso das tecnoloxías da información e comunicación e dos correspondentes equipamentos.
- Concretizar procesos de coordinación interna do profesorado e reparto de funcións.

- Fomentar a lectura e os hábitos lectores do alumnado, enfocando o uso da biblioteca escolar para conseguilo.

II. OBXECTIVOS EDUCATIVOS DO NOSO CENTRO

2.1. OBXECTIVOS INSTRUTIVOS

- Diseñar e coordinar actuacións metodolóxicas orientadas a mellorar a atención, o esforzo e a autonomía no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Facer das TIC un instrumento de uso habitual na función docente, tanto na función formativa e de programación do mestre como de apoio ó desenvolvemento curricular.
- Fomentar os hábitos lectores e a mellora da comprensión lectora sobre a base do impulso do funcionamento da biblioteca do centro e as bibliotecas de aula.
- Desenvolver a atención individualizada (ó alumnado con nee) integrada na aula (programas de apoio, RE e AC).

2.2. OBXECTIVOS FORMATIVOS (de ámbito humano e convivencial)

- Facer do centro un lugar onde prevaleza o respecto entre iguais e a práctica dos valores democráticos, de convivencia, de solidariedade e de paz.
- Conseguir a identificación dos alumnos/as cos valores de centro que promovemos e facelos parte activa na súa consecución.
- Concienciar á comunidade educativa do respecto polo entorno, como propio de todos, empezando polo mais próximo, no recinto escolar.
- Diseñar e poñer en práctica programas e actividades de interacción social.
- Promover estratexias de aprendizaxe cooperativa, favorecendo a interdependencia positiva entre alumnos.
- Fomentar a participación dos alumnos/as en actividades deportivas, sobre todo nas promovidas e coordinadas polo colexio.

- Favorecer sempre a integración total na aula dos alumnos/as tratados como nenos/as con nee.
- Practicar e ensinar hábitos correctos de alimentación (educar para a saúde).

2.3. OBXECTIVOS ORGANIZATIVOS

- Motivar a participación do profesorado en diferentes funcións da estrutura organizativa do centro.
- Coordinar as funcións do profesorado na busca de mellorar as actividades, e o aforro de esforzos e tempo.
- Afianzar a utilización das TIC en tódalas cuestións organizativas que permitan o seu uso con aproveitamento.

2.4. OBXECTIVOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

(moi condicionados polo feito de estar enmarcados e dirixidos a unha sociedade maioritariamente castelán falante)

- Asumir a lingua galega como lingua oficial do centro, avanzando no proceso de normalización.
- Sensibilizar á comunidade educativa respecto á existencia dunha lingua propia, cooficial e da necesidade de coñecela e saber usala xa non so no presente senón de cara ó futuro.
- Familiarizar ó alumnado co galego dende o inicio da escolarización (educación infantil).
- Incrementar as áreas a impartir en galego, a maiores dos mínimos legais, así como os materias didácticos (audiovisuais) que emplean esta lingua.
- Avaliar o dominio oral do galego como unha parte moi importante na cualificación da área de lingua galega.
- Esixir o uso oral da lingua galega nas sesións desta área.

- Acomodar os distintos documentos e textos á normativa ortográfica e morfolóxica da Lingua Galega, establecida en 2003.

III. SINAIS DE IDENTIDADE

Estes sinais van a ser a concreción do PEC. É como imos desenvolver todo o planificado en base á situación de partida.

Vai ser un estilo pedagóxico que caracterice ó CEIP San Isidro, tratando de plasmar esas sinais nunhas concrecións claras e perceptibles na vida práctica do centro.

Non pretendemos ser moi ambiciosos e si achegarnos o mais posible á realidade. Queremos uns sinais que non se queden nunha declaración de intencións. Buscamos velos en feitos (concrecións) e contemplando sempre criterios claros de actuación.

Tentamos plasmar no documento obxectivos e medidas para conseguir ser coherentes cos sinais de identidade.

3.1. VALORES E COMPORTAMENTOS QUE PROMOVEMOS

O feito de ser o primeiro punto non é casualidade, xa que creemos que promover e establecer unha educación en valores e comportamentos vai ser a base onde vai consolidarse todo o labor educativo.

A realidade é que a comunidade educativa desexa uns alumnos/fillos educados para a paz e a convivencia, ser persoas tolerantes, comprensivas e solidarias. E isto é o que o colexio marca como primeira pauta a seguir para sentar bases.

Neste punto os alumnos/as serán os verdadeiros protagonistas, xa que eles mesmos serán os fixen obxectivos e os que se teñen que implicar na súa consecución.

A. Cívicos e de Convivencia

Tentaremos sobre todo, recuperar comportamentos e actitudes, que dalgún xeito parece que se perden ou que os alumnos non manifestan con claridade.

a) DISCIPLINA, ORDE E RESPETO

Pretendemos que no discorrer do quefacer diario, os comportamentos cívicos de respecto ás persoas (mestres e compañeiros) e de orde na actividade xeral do centro (corredores,

aulas, excursións...) sexan habituais e constitúan a base dos valores e comportamentos que pretendemos.

Concreción na realidade

A partir dunhas normas básicas de convivencia, que sirvan como pauta a cumprir e impostas polo centro, os alumnos/as elaborarán unhas normas básicas consensuadas por todos guiados e orientados polos seus titores, co compromiso de cumprilas obrigatoriamente porque son deles. Dentro do centro e no patio de recreo. Tamén contemplar o coidado das instalacións e do entorno. Tódolos alumnos/as poden aportar algo.

Ó principio de curso, 1-2 sesións cos titores, servirán para que cada curso presente unhas propostas (en positivo e a xeito de torbellino de ideas), que despois dunha posta en común, dará lugar ás normas de conducta e convivencia do colexio San Isidro.

De isto darase publicidade no centro (para coñecelas), en aulas e corredores con rótulos ben visibles e motivantes.

b) COIDADO E COÑECEMENTO DO ENTORNO ESCOLAR

O colexio e o seu contorno é de todos e témolo que coidar e respectar entre todos para poder desfrutalo mellor. Xa non so o feito e construído polo home se non sobre todo o medio natural.

Temos que respectar a natureza empezando polo mais próximo.

Concreción na realidade

Elaboraranse unhas normas básicas adicadas a respectar o entorno, do mesmo xeito que no punto anterior.

Establecemento e coñecemento dos puntos limpos do colexio (contedores de lixo).

Programa de creación dun horto escolar.

B. De traballo

a) ATENCIÓN, ESFORZO E AUTONOMÍA

Entre tódolos membros da comunidade educativa (pais e mestres) debemos facer ver ós alumnos que sen o seu aporte persoal non conseguiremos os obxectivos que pretendemos.

C. Democráticos e de consenso

O centro será un elemento transmisor de valores democráticos que a sociedade na que vivimos ten e como tal tentará poñelos en práctica no seu quefacer diario, creando as persoas demócratas do futuro, comprometidas a asumir o que entre todos decidimos.

Concreción na realidade

Nas decisións conxuntas do grupo de aula (normas de comportamento, consultas de calquera tipo,...) velaremos polo consenso e o respecto á opinión de tódolos alumnos.

D. Compañeirismo, pluralidade e igualdade (sexo, raza, relixión, nacionalidade)

O centro será un elemento integrador e compensador de desigualdades, ó servizo da sociedade e do entorno onde está ubicado.

Xunto ó feito de respectar e valorar tódolos compañeiros, como sinal inequívoca para acadar unha boa convivencia, está o feito de que nos atopamos no centro cunha gran diversidade nun sentido amplo (aulas, alumnado, profesorado, familias...) de xeito que o acto educativo debe considerar as particularidades de cada un e a súa integración no labor educativo.

Concreción na realidade

Traballo do departamento de orientación con obradoiros encamiñados a traballar a igualdade, en coordinación co labor titorial.

Ante un conflito de convivencia, establecerase un protocolo (pautas) de actuación conxuntas titoría/orientador (que figurarán no RRI) para resolver o problema.

3.2. MODELO DE CENTRO

Aspírase a conseguir un centro integrador, participativo, transmisor de valores, aberto á sociedade e integrado no seu entorno, capaz de desenvolver as capacidades do alumnado e conserva-lo agradable ambiente de traballo do que goza na actualidade.

Asemesmo, o centro maniféstase aconfesional e apolítico, sendo respectuoso con calquera opción tanto relixiosa como partidista, respectuosa cos dereitos humanos e os valores democráticos.

a) Xestión participativa, democrática e flexible

Preténdese un centro cunha xestión aberta a toda clase de suxestións e aportacións, cun estilo democrático, no que os seus cargos estean a disposición da confianza da comunidade educativa e, ó mesmo tempo, manteña unhas excelentes relacións persoais cos diferentes sectores: pais, alumnos/as, persoal non docente, profesorado, concello e distintas asociacións do entorno.

Que haxa transparencia na xestión implica ter en todo momento o mais informada posible a toda a comunidade. Á vez ser flexible nesa xestión, cando así sexa necesario, incorporando ou modificando calquera planificación cando a posta en marcha así o esixa, ou cando se acheguen propostas mellores.

O claustro funcionará coma un equipo, sensibilizándose en conxunto da problemática de calquera situación que se presente e traballando en unidade para solventala.

b) Centro integrado e participativo

Onde toda a comunidade educativa poida aportar a través das canles establecidas a tal efecto (ANPA, Consello Escolar), innovacións, suxerencias, actuacións, ... que persigan o mellor funcionamento do mesmo. Especialmente onde os pais/nais poidan ter algo que dicir, implicándose plenamente como elementos indispensables que son no proceso da educación dos seus fillos. E sempre desde a óptica construtiva, e respectando o bo facer dos técnicos docentes, especialistas cualificados, para o seu desenvolvemento profesional.

O labor docente so terá resultados positivos se se asume unha responsabilidade compartida (pais/mestre), respectando o labor do mestre.

Estableceranse canles de actuación conxuntas, máis alá das meramente formais que establece a lexislación. Propiciando o clima de unión entre os diferentes bloques definidos: pais, claustro, persoal non docente, e alumnado, xa que todos pretendemos igualmente un mesmo propósito.

c) Innovador (formación e novas tecnoloxías)

Fomentarase a participación en proxectos de formación do profesorado tentando dispoñer ademais de tódolos recursos tecnolóxicos precisos para facilitar a consecución de cada un dos obxectivos que como docentes pretendemos nesta etapa do ensino infantil e primario.

O uso das novas tecnoloxías irán encamiñadas tanto na busca da mellora da aprendizaxe do alumnado como na mellora profesional do profesorado.

Concreción na realidade

Afianzamento na utilización de medios audiovisuais e das TIC no proceso educativo no maior número de áreas e pola maior parte do profesorado (ordenadores, portátil, proxector de imaxes, mp3, videograbacións.....). Suxerir dalgún xeito o seu uso propoñendo materiais e actividades a desenvolver no centro que así o requiran e mesmo promocionar actividades de formación (grupos de traballo, seminarios,..) que busquen a renovación e actualización profesional do profesorado.

Elaborarase unha guía de recursos tecnolóxicos, cun profesorado responsable da orientación do seu uso.

d) Apoiado no entorno

O apoio que nos pode dar o entorno á hora de desenvolver o labor educativo é un feito que non podemos esquecer polo enorme valor formativo que pode ter, non tan so a nivel de alumnado senón tamén a nivel de pais e mesmo de profesorado.

A colaboración coa ANPA, concello, centros do contorno, administración educativa e con calquera organismo que nos poida aportar algo na mellora do colexio e no seu labor serán elementos que deberán estar presentes en todos e cada un dos profesionais deste centro. A intervención e aportación destes, encaixada dentro dun programa anual de traballo, enriquecerá, sen dúbida os contidos traballados.

O regulamento de réxime interno que se elabore será quen regule os mecanismos de participación e ordenamento da vida do centro

Concreción na realidade

A participación do entorno vaise plasmar tanto en actividades de carácter complementario (horario lectivo) como extraescolar (non lectivo).

O tratamento de temas de carácter transversal ou social (mesmo aqueles que os pais mais reflexan nas súas opinións) serán os que teñan maior incidencia.

Trataremos de contar coa pediatra, tratando temas de saúde, alimentación, educación sexual..., co bibliotecario municipal, traballando un tema tan importante e sempre recordado como é o desenrolo dos hábitos lectores e a atracción polos libros, o/a animador/a sociocultural aportará o seu traballo con actividades de claro carácter social (igualdade, non violencia, asexismo....) e cultural (exposicións, teatro, campañas varias...).

A nivel de actividade extraescolar, o aporte, sobre todo de concello e ANPA, en canto a oferta de actividades extraescolares, así como tamén dalgunha outra entidade que desenrole a súa actividade formativa no centro.

3.3. LIÑA METODOLÓXICA

A liña metodolóxica a seguir polo centro no seu labor educativo non vai ser mais que o reflexo dos valores e comportamentos e modelo de centro que promovemos entre a nosa comunidade educativa, baseados na participación e aportación de todos e a asunción das responsabilidades de cada integrante desa comunidade.

a) Coordinación-cooperación-participación

Debemos transmitir entre toda a comunidade ese espírito democrático (todos aportan no labor educativo) e de compromiso (educación na casa), cultivando á súa vez as relacións persoais (mestres-pais).

Tódalas relacións dos elementos da comunidade (mestre-mestre, mestre-pais, mestre-alumno, pais-alumnos, alumno-alumno) terán que ser posibles e ademais atoparlles o seu maior aproveitamento académico.

Concreción na realidade

Relación mestre-mestre: Os mestres de cada curso formarán un equipo coordinado polo titor/a, co que se reunirán nas ocasións en que este os convoque, sendo ademais o interlocutor coa dirección e o departamento de orientación no tratamento dalgunha necesidade educativa que así o requira.

Asimesmo o claustro funcionará como un equipo.

Relación mestre-alumno:

Relación mestre-pais, pais-alumnos: As familias participarán, cooperando co titor/a cando os requira, asumindo a responsabilidade que lles corresponde no proceso educativo dos seus fillos/as. Ós pais hai que convocalos as veces que sexa preciso se a situación do seu fillo/a así o require. Haberá que facelos vir ó colexio cultivando esa relación mestre-pais.

Relación alumno-alumno:

Poñeranse en práctica estratexias de aprendizaxe cooperativa, complementando a responsabilidade individual coa interdependencia positiva entre alumnos (**alumnos de apoio**).

b) Atención á diversidade

Temos que considerar que este proxecto vai dirixido a unha comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias...), incluída nunha sociedade marcada pola pluralidade de procedencias, recursos, intereses, aptitudes....

O acto educativo vai considerar as particularidades de cada un dos elementos desa comunidade, reflectido á súa vez en cada alumno/a. É necesario coñecer as circunstancias de cada quen (capacidades, ritmos de aprendizaxe, intereses...), determinar ata onde pode chegar e facilitarlle tódalas axudas que precise. Hai que procurar as oportunidades necesarias para o desenvolvemento de cadaquén, dende o principio da integración.

Aínda sendo un principio prioritario en tódalas accións do centro, cobra especial importancia no labor de integración a actuación do departamento de orientación, personalizando a atención educativa.

Concreción na realidade

Deseñaranse e poñeranse en práctica plans de acollida dirixidos tanto ós alumnos/as novos, (que inician a súa escolaridade ou chegan por primeira vez ó centro) como para os inmigrantes.

A integración permanente nas aulas. Os apoios serán sempre dentro delas.

Atención individualizada ó alumno/a (mestre de apoio integrado na aula), ou fora dela nos casos excepcionais que pedagoxicamente o caso esixa.

Elaboración das medidas de adaptación curricular polo equipo de mestres do alumno/a, deseñando un modelo de ACI, válido para tódalas áreas.

Aumentaranse as facilidades de integración por minusvalías físicas mellorando a eliminación de barreiras: transporte de minusválidos, adaptación de mobiliario.....

A eliminación de barreiras arquitectónicas está acadada case no 100%.

No momento de facer calquera modificación ou adaptación arquitectónica ou de mobiliario, que polas necesidades do momento se faga necesaria, contemplaremos sempre aproveitar a situación de cambio para facer adaptacións a futuras necesidades (nenos/ as cegos, xordos, etc.).

c) Educación para a saúde

Coidamos que a atención e a educación para a saúde, no marco da sociedade actual, sobre todo en canto a hábitos alimenticios, postos cada vez mais en dúbida polos especialistas, é un tema que non podemos pasar por alto, podendo o centro aportar o seu traballo na busca da mellora da saúde, presente e futura dos nosos alumnos.

Concreción na realidade

Posta en práctica de obradoiros de saúde, coordinados polo departamento de orientación e a pediatra do concello, nunha demostración do modelo de centro baseado na colaboración do entorno coa labor educativa.

Crearase o día do..... bocata, da froita, unha vez á semana, buscando o consumo deses produtos no tempo de recreo. A realidade amósanos que son produtos consumidos cada vez menos, afianzándose outros dos que podemos chamar non sans ou inapropiados.

Así mesmo, nas aulas de educación infantil a merenda vai ser común para todos, coordinada polas mestras, a base de alimentos básicos.

d) Actividades complementarias e extraescolares

Debido ó enorme valor formativo e motivador que teñen, o centro valora enormemente a posta en práctica das actividades complementarias, para o que conformará un equipo que fará o plan de actividades complementarias para todo o curso.

O centro vai promover este tipo de actividades cun programa anual axeitado a cada curso, complemento ideal da súa formación ordinaria. Ademais das desenroladas fora do entorno contamos tal e como reflexamos antes neste proxecto coa colabora do contorno na realización doutras moitas.

Unha maior consolidación pretenderase facer coas actividades extraescolares, xa que unha ampla oferta, en xeral fora do centro escolar (concello, club de fútbol....) leva implícita unha dispersión do alumnado en actividades moi dispares e unha baixa participación na actividade deportiva. A actividade deportiva en xeral e a colectiva en particular, será unha práctica a fomentar no alumnado desde o propio colexio, xa que sen dúbida é un complemento esencial que debe existir na formación integral dunha persoa. Os valores que defendemos de compañeirismo, cooperación, participación, disciplina, hábitos saudables ou de traballo colectivo teñen un reflexo moi claro na práctica deportiva de equipo.

Non se nos vai pasar tampouco por alto a atención á diversidade e o enorme valor que ten o deporte como elemento integrador de moitos nenos/as, fomentando a participación total e non tan so a consecución de resultados.

Concreción na realidade

O colexio vai promover a creación de equipos deportivos que coordinará tanto na súa actividade de adestramento como de competición, trasladando o cumprimento dos valores que defende, tamén a este tipo de actividades.

Imos favorecer que os alumnos/as teñan onde elixir e facer as actividades que desexan sen condicionantes. Para isto é necesario coordinar tipo de actividades e horarios con todas aquelas entidades organizadoras das mesmas e evitar no posible coincidencias que limiten a participación.

Tentaremos ademais que as actividades sexan no centro agás que por infraestrutura e medios non sexa posible.

Todo isto terá que ser complementado coa colaboración dos pais que animen e involucren ós seus fillos/as no deporte. O colexio ten que acadar esa colaboración con campañas informativas rigorosas, actividades correctamente programadas, plantexadas e realizadas.

En definitiva desenvolver cada un dos sinais de identidade reflectidos neste proxecto, vainos definir en canto á nosa intención educativa: Interrelación coa comunidade, convivencia e responsabilidades compartidas e atención á diversidade como aspectos do propio enriquecemento persoal.

IV. OFERTA DE ACTIVIDADES E SERVICIOS

Os recursos cos que conta o noso centro para dar disposta ás necesidades percibidas, dentro do marco dos obxectivos establecidos e do noso estilo e identidades propios, son os que figuran de seguido.

4.1. OFERTA DOCENTE

A oferta docente do noso centro concretase no seguinte:

- Educación infantil de 2º ciclo, cunha aula para cada unha das idades 3, 4 e 5 anos. Cada unha destas aulas conta cun ordenador e ademais a de 3 anos dispón de TV, DVD e vídeo para proxeccións, en xeral, para todo este ciclo.
- Educación primaria, cunha aula por cada un dos cursos, cun desdobre nunha delas tanto por necesidades de número de alumado como por cuestións pedagóxicas para facilitar a integración de alumnos con minusvalías.

As aulas de 2º ciclo contan ademais cun ordenador cada unha delas, como primeiro paso para dispoñer dun destes aparatos en cada unha das aulas. Ademais tentamos dispoñer sempre dun, na aula que escolariza a un neno con parálise cerebral, xa que un recurso moi aproveitable con este neno.

- Anticipación da Lingua Inglesa en Educación infantil de 4 e 5 anos e no 1º ciclo de Educación primaria.
- Servicios de apoio (PT e AL) no alumnado con necesidades educativas especiais. Se ben a profesora de PT é propia do centro, a de AL é itinerante e compártese con outro centro do concello.

- Biblioteca escolar, cun horario e calendario de uso para o alumnado en horario lectivo.

A aula de informática é compartida coa biblioteca, é está destinada a promover o uso das TIC entre o alumnado. Utilízase sempre que sexa posible como un recurso didáctico en calquera das áreas do currículo.

4.2. SERVIZO DE ORIENTACIÓN

O centro conta con departamento de orientación propio, cunha función que tenta mellorar no ámbito das súas competencias a calidade e atención educativa ós alumnos/as do centro.

A partir do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación, este define unha serie de actividades de carácter preventivo e de intervención temperá dirixidas tanto ó colectivo do alumnado do centro como a situacións e casos mais particulares.

O Departamento de Orientación deste centro está adscrito ó do IES Fernando Esquíu, co que mantén unha boa relación de colaboración

4.3. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS: TRANSPORTE

O alumnado corresponde, en xeral, a un medio semiurbano. Case todos son da vila onde se atopa o centro, aínda que este tamén acolle alumnado de zonas mais afastadas polo que algúns necesitan de transporte para acudir as clases e mesmo ás actividades extraescolares. Non é de tódolos xeitos o xeral.

O transporte ten dúas liñas, zona do Puntal e zona de Santa María de Neda, e é realizado pola empresa Autos Capela. Dende abril de 2006 dispoñen de acompañante, o que facilita o uso deste servizo por parte dos nenos mais pequenos de educación infantil.

O horario de chegada dos autobuses é de 8:35 h. a 8:45 h. Os mestres teñen establecidas quendas de garda para a atención destes nenos ata a hora de entrada (8:55 h.), cunha atención especial ós alumnos de educación infantil.

4.4. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Son estas un tipo de actividades ás que se lle da unha enorme importancia no noso centro, xa non so aquelas con mais claro valor formativo do alumnado (excursións, visitas.....) senón aquelas destinadas á celebración de datas sinaladas na programación anual (magosto, nadal, entroido, letras galegas, fin de curso...), e que se enmarcan dentro do plan para a potenciación das relacións coa comunidade e a familia. Sempre, dun xeito ou outro, os pais son partícipes destas actividades.

Para todo isto, confórmase cada curso, un equipo de actividades complementarias e extraescolares, dirixido por un coordinador.

✓ Biblioteca escolar e biblioteca municipal

Está encargado da biblioteca escolar e a súa organización un profesor.

Pola proximidade do centro á Biblioteca Pública e pola profesionalidade do bibliotecario municipal a coordinación conxunta é moi boa.

Realízanse actividades de animación á lectura, concursos literarios e de expresión plástica, conferencias, etc.

Nestas actividades participan tódolos alumnos do colexio.

✓ Festas

Celébranse, en colaboración con APA, e coa participación de tódolos pais que o desexen, as seguintes festas: O Magosto-Samaín, Nadal, Entroido, Letras Galegas, Festa de Fin de Curso.

✓ Conmemoracións

Organizaremos as sinaladas no calendario escolar

✓ Visitas escolares

Como norma cada curso realizará, cando menos, tres saídas (unha por trimestre): dúas curtas (dentro do horario escolar) e unha longa (todo o día).

Sempre poden ser aumentadas segundo xurda unha actividade e a importancia que teña.

4.5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Desenrolaranse estas actividades en horario de tarde e están organizadas por ANPA, Colexio, Biblioteca Municipal, Escolas Deportivas e Culturais Municipais e Asociación Néboa.

Tentarase, na medida do posible, concentrar un bo número de actividades no colexio, establecendo horarios coordinados entre as entidades organizadoras para facilitar a asistencia ó maior número delas.

Ofértanse tanto actividades culturais como deportivas, facendo fincapé nestas últimas, xa que as consideramos como unha contribución moi importante no desenvolvemento integral do alumnado

4.6. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIONES DO CENTRO

O centro vai ser un espazo aberto ó entorno, para que sexa un centro de cultura, convivencia e ocio para todos. Por iso, tentaremos abrir o colexio á comunidade e a entidades e institucións radicadas nela, que dean mais posibilidades de uso do tempo libre ó alumnado e ás súas familias.

O consello escolar acordou que, sempre que non se altere o normal funcionamento do centro, se autorice o uso das instalacións á APA, Concello, Escolas Deportivas e Culturais municipais, Néboa e Biblioteca Municipal.

Cando a solicitude sexa por persoa allea á comunidade escolar unha vez presentada a solicitude ante a dirección esta reunirá ó consello escolar que emitirá o informe favorable ou desfavorable para a súa posterior tramitación á delegación provincial.

En calquera caso, no RRI deberá regularse o uso das instalacións escolares fora do horario lectivo

V. ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

A estrutura organizativa do noso centro, en canto a órganos e funcións, vai vir condicionada, loxicamente polas pautas que marca a lexislación vixente, que neste

momento refírese ó Decreto 374/1996, do 17 de outubro, e a Orde do 22 de xullo de 1997, amabas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta organización seguen presentes os principios de identidade que defendemos baseados na participación e na democracia, onde o traballo de todos, en cooperación e asumindo cada un a súa responsabilidade conduzan a unha organización onde todos os membros da comunidade educativa teñamos un importante protagonismo no funcionamento da escola.

Ímonos referir a continuación a tódolos órganos de goberno que, polo menos, deben existir, de acordo á lei á que nos referiamos con anterioridade, e que deben asumir as funcións e composición que veñen determinadas por dito marco legal.

- **Consello escolar**

Vai ser o órgano referente en canto a participación xa que implica a toda a comunidade educativa do centro e acolle a tódolos sectores implicados (mestres, pais, alumnos e persoal non docente). No noso centro non existirá a representación de alumnos, pola súa curta idade e a pouca capacidade decisoria, aínda que terán protagonismo en moitas decisións escolares, xa e como figurou nos sinais de identidade.

A adopción das grandes decisións e a implicación nos labores de mellora, tanto a nivel educativo como infraestrutural van a depender deste órgano.

O calendario de reunións axustarase ó que marca a lexislación como mínimo, establecendo un calendario de reunións ó principio de curso.

- ✓ **Comisión Económica**

É un órgano integrante do Consello Escolar, que se ocupará de fundamentar as propostas sobre asuntos económicos sobre os que se deba pronunciar este. Polo tanto, as súas reunións convocaranse en función da necesidade de informar de asuntos da súa competencia e sempre previas ás do órgano que debe adoptar a decisión sobre ese asunto: o consello escolar.

- **Claustro.**

O claustro é un elemento fundamental no funcionamento e mellora da calidade educativa e na vida do centro. Este vaise implicar en iniciativas que van mais alá que o mínimo legal marca.

Sempre vai ser un eslavón anterior ás decisións e asuntos que trate o consello escolar, debendo contar istos cunha opinión ou informe do claustro, para o cal sempre se fará necesaria unha reunión previa ó consello escolar.

O claustro realizará, por norma, unha reunión semanal informativa, para intercambio de opinións, informacións, tratamento de aspectos organizativos..., que vai contribuír á mellora da actividade educativa, á relación dos compañeiros e a asentar os principios de participación e opinión democráticos que propoñemos como sinal de centro.

Polo demais, a súa actuación rexerase polo establecido nos artigos 46 e 47 do Regulamento Orgánico dos colexios de educación infantil e primaria.

- **Comisión de coordinación pedagóxica.**

Debido á representación de membros do claustro que aparecen neste órgano, esta vai ser un referente mais importante en canto a toma de decisións e debate sobre as mesmas que afectan ó desenvolvemento do PCC e PEC.

Da cordo a isto, asegurará a coherencia entre o PEC, PCC e PXA e establecerá as directrices para a elaboración do plan de acción Titorial e das ACIS.

- **Equipos de ciclo.**

Vai ser un elemento clave na coordinación docente tanto a nivel intraciclo como interciclos.

Os equipos de ciclo velarán pola coherencia metodolóxica no proceso de ensino-aprendizaxe.

Complementarán a labor da CCP, en canto a tratamento de situacións concretas do alumnado e a toma de decisións sobre estas, polo coñecemento mais directo que poidan ter dos casos, xa que están en contacto diario con eles.

A súa actuación axustarase o regulado no título III, capítulo I, do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

- **Equipo de normalización lingüística**

O ENL fará fincapé no desenvolvemento e cumprimento dos obxectivos de normalización lingüística que plantexa este proxecto.

Establecerá, en función diso, o Plan Anual de Actividades do equipo. Polo demais, a súa actuación axustarase ó regulado no artigo 64 do Decreto 374/1996.

- **Equipo de actividades complementarias e extraescolares**

O EACE, garantirá a realización e coordinación das actividades complementarias de cada curso, da cordo á programación e propostas dos diferentes equipos de ciclo e claustro e en consecuencia da programación anual.

Estas actividades estarán deseñadas de acordo ás idades do alumnado, os grupos, a época do curso, o contido de cada actividade, duración.....

A organización de actividades coordinarase en moitos dos casos con ANPA e outras institucións participantes nas mesmas.

A súa actuación axustarase o regulado no título III, capítulo IV, do Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

- **ANPA**

É o órgano de representación dos pais no centro educativo. O colexio facilitará todo os recursos e facilidades (instalación e medios materiais) que estean ó seu alcance para que desenvolvan do mellor xeito tódalas súas funcións, que por lei lles corresponden, así como aquelas iniciativas, que polo seu contido e finalidade redunden na mellor calidade do ensino.

Este órgano ten total autonomía de acción, sempre enmarcado na lexislación vixente, xa que calquera iniciativa ou actividade que propoñan, a desenvolver no colexio, han de contar coa aprobación do consello escolar.

- **Departamento de Orientación**

As súas principios actuacións e proxectos deberán establecerse no Plan de Orientación, o cal será desenvolvido curso a curso mediante o Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación.

Este órgano asumirá as súas responsabilidades na adecuación dos recursos do centro ás necesidades do alumnado, estando en coordinación coa CCP.

Asimesmo é necesaria a coordinación do departamento de orientación do colexio co departamento do IES ó que está adscrito co fin de garantir un apoio continuado e real.

- **Equipo Directivo**

O equipo directivo será máximo responsable da gobernación do colexio, pero en ningún caso vai ser o único órgano sobre o que recaian todas as decisións e responsabilidades. O noso centro marca como sinal de identidade unha xestión participativa, democrática e flexible, e iso é o que vai guiar boa parte do labor do equipo directivo, xa que as aportacións de todos e as decisións consensuadas por parte de todos mellorarán sen dúbida a calidade educativa.

O equipo terá unhas funcións que por lei lle corresponden, pero aínda non figurando nela, este terá unhas funcións que serán reflexo dos sinais que promove:

- Ser un referente na dedicación e esforzo no seu labor.
- Fomentar o traballo compartido, o reparto de responsabilidades e a participación de todos no labor do centro.
- Apoiar calquera iniciativa innovadora que beneficie á comunidade escolar, coordinando e alentando o seu desenvolvemento.
- Dar solución a calquera tipo de problema ou situación imprevista, recorrendo ó diálogo e asumindo o papel de canalizador da situación xurdida.
- Garantir un clima de tranquilidade na vida escolar.

VI. O REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

O contido do que constitúe o RRI, vai a ser un documento independente, aínda que complemento básico deste proxecto, xa que vai concretar moitas decisións e aspectos que aquí so aparecen dun xeito mais xeral.

Pola gran importancia que lle damos, dada a súa utilidade case diaria, contemplamos redactalo e debatelo con mais tempo do que dispuxemos no presente curso, polo que é unha actividade prevista a realizar no vindeiro curso 2006-07.

VII. APROBACIÓN, SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Para a aprobación do presente proxecto, establécese o seguinte procedemento:

1º) Informe favorable do Claustro de Profesores.

2º) Aprobación por parte do Consello Escolar.

O seu seguimento e avaliación realizarase ó final de cada curso por parte de cada un dos sectores. Calquera modificación que se pretenda facer a este proxecto educativo deberá seguir os pasos establecidos para a súa aprobación.

Proceso de aprobación

1º- O Claustro de Profesores debateu e informou, favorablemente e por unanimidade, o proxecto na sesión do día 29 de xuño de 2006.

2º- A aprobación do Proxecto Educativo do CEIP San Isidro de Neda realizouse na sesión do Consello Escolar do día 30 de xuño de 2006 por unanimidade.